



Nº 15 - 2017

CIG

www.cig.gal

Boletín
Sindical

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

Lumes nunca máis!

O pobo galego tomou as rúas o 16 de outubro ao berro de “Lumes nunca máis!” para manifestar indignación, carraxe e dor pola vaga de incendios forestais que arrasou o país e afectou especialmente as provincias de Pontevedra, Ourense e Lugo. O día 22 máis de 17.000 persoas colapsaban Compostela para denunciar as consecuencias duns lumes que provocaron mortes, reduciron vivendas a cinzas e converteron en carbón o noso patrimonio natural.

Miles de persoas que se mobilizaron para denunciar a “incompetencia” do Goberno do PP pola súa falta de previsión ante dunha situación de máximo risco de incendios. Un pobo en pé que proclamou que “coa nosa terra non se xoga” e exixiu a dimisión do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, como máximo responsábel dun Goberno que ten o lamentábel mérito de desmantelar o rural e substituír actividades agrícolas e gandeiras por eucaliptos, facendo alarde dunha política forestal ao servizo da pasteira Ence.

Así o denunciou o secretario xeral da CIG, Paulo Carril, quen ademais acusou o PP de “falta de previsión, de organización e de medios” e os directivos/as da CRTVG de non prestar o servizo público informando a poboación do que sucedía para mellor afrontar os lumes. Contra unha política que Carril tildou de “pirófitas”, máis de 60 colectivos, entre eles a CIG, presentaron no Parlamento galego unha Proposición de Lei por Iniciativa Lexislativa Popular “para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais”. Unha ILP na que se recollen as bases para revitalizar o medio rural como única garantía contra a lacra do lume.



A Lei de ‘Depredación’ de Galiza: o modelo industrial colonial do PP

O mes de outubro arrincaba con asembleas e mobilizacións convocadas pola CIG en todas as comarcas para advertir do “golpe de estado” que poucas semanas despois perpetraría o PP coa aprobación, pola vía de urxencia e eludindo o pertinente debate parlamentario, da chamada Lei de Fomento de Implantación de Iniciativas Empresariais. Unha Lei alcumada “de Depredación” que impón un modelo industrial colonial e contra a que tamén se manifestaron miles de persoas o 22 de outubro.

Con ela o Goberno de Feijóo pretende que Galiza compita cos países do contorno facilitando a instalación no noso territorio de empresas de calquera natureza abaratando custos, rebaixando dereitos sociais e laminando a normativa en defensa do patrimonio cultural e ambiental. Por iso a CIG denunciou o modelo económico e industrial “colonial” que o PP impón así no noso país. Un modelo

baseado nas espoliación dos nosos recursos, e que arrasa con calquera alternativa económica vinculada cun medio rural vivo.

Fomento do eucalipto

Esta lei supón a consagración da política forestal pirófitas, de abandono do rural e sobre todo de fomento do monocultivo de eucalipto no país; facilita o negocio das grandes empresas mineiras, eléctricas ou forestais con máis facilidades para acceder á terra, menos limitacións sociais e ambientais e simplificación normativa e tributaria. Recorta e mesmo suprime os mínimos procesos de participación pública e furta información á poboación sobre iniciativas empresariais que poden ter unha grave afección nas súas vidas. E non só iso, reduce ademais o papel dos Concellos, facendo prevalecer o aproveitamento industrial do monte fronte aos usos tradicionais e comunitarios.

Unha Lei de Saúde para a sanidade privada

Seguindo o camiño iniciado hai xa anos, o PP pretende modificar a Lei de Saúde de Galiza para afondar no desmantelamento da sanidade pública e favorecer a privada. A CIG leva tempo denunciando as consecuencias destas políticas privatizadoras para a saúde da poboación, máis agora que se vai afastar a prestación dos servizos sanitarios dos seus lugares de residencia.

En 2013 o Goberno de Feijóo aprobou a chamada Lei de Garantías pola que a Xunta do PP se comprometía a cumprir cun tempo máximo de espera para intervencións cirúrxicas, probas diagnósticas e consultas. Daquela a CIG alertou de que o obxectivo desa lei era derivar doentes á sanidade privada e advertiu do risco de que estes negocios priorizasen a rendibilidade económica fronte á gravidade das patoloxías.

O tempo demostrou que efectivamente o obxectivo era camiñar cara á progresiva privatización do sistema, xa que os recortes impostos so pretexto da crise económica provocaron na sanidade pública falta de profesionais, aínda máis peches de camas hospitalarias e paralización da actividade en quirófanos, radioloxía, atención primaria e demais servizos por longos períodos, o que deu nun incremento das listaxes de espera e dos días de permanencia nestas.

Isto impediu garantir a asistencia nos prazos indicados atendendo ás prioridades clínicas na sanidade pública, co que aumentou expo-

nencialmente o número de doentes derivadas/os á sanidade privada.

Para vender estas políticas o PP e o propio Feijóo confundiron a poboación á mantenta asegurando que a prestación en centros sanitarios privados tamén era pública porque non había que pagar. Porén a CIG denunciou as enormes cantidades que vía orzamentaria derivaba a Xunta a estes centros privados que, polo tanto, pagamos entre todas/os.

Fronte a isto a nosa central sindical sempre demandou que en lugar de destinar eses cartos á privada se destinasen a reforzar a sanidade pública dotándoa de medios e persoal suficiente.

Lonxe disto, coas modificacións introducidas na Lei de Saúde refórzase aínda máis esa privatización da sanidade porque centralizando a asistencia sanitaria nos grandes complexos hospitalarios estes serán incapaces de atender a demanda, que é precisamente o obxectivo que persegue o PP para, en cumprimento desa Lei de Garantías, derivar a aínda máis doentes a ese sistema.



Á patronal da sanidade privada xa non lle chega cos concertos actuais de derivación de doentes e quere ir un paso máis alá. Agora pretende asinar tamén concertos singulares para atender a poboación, como o que xa existe con Povi-sa. Un negocio que sería moi rendíbel xa que o sistema privado ten ademais a garantía de que as posibles complicacións xurdidas nos procesos asistenciais serán atendidas na sanidade pública, facendo así redondo o seu negocio.

25N: Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres



‘Violencia, nin na rúa, nin no traballo, nin na casa’ é o lema da Secretaría da Muller para a campaña deste 25 de Novembro, Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres. Nesta ocasión, a CIG propón unha batería de medidas para actuar no ámbito educativo, sanitario, político, xudicial e laboral co obxectivo de identificar e eliminar as causas estruturais da violencia contra as mulleres, e promover relacións de respecto e igualdade desde idades temperás.

Isto será posíbel na medida en que o xénero masculino comece a cuestio-

narse o lugar que ocupa na sociedade, en que mulleres e homes interioricemos as desigualdades e rachemos coas normas sociais que perpetúan o control e o poder que os homes exercen sobre as mulleres e reforzan a tolerancia cara á violencia machista.

Neste contexto, o 22 de novembro terá lugar o III Encontro nacional de mulleres da CIG co obxectivo de continuar debatendo sobre a situación sociolaboral das mulleres, a problemática do acoso e o resto de violencias machistas que se producen no traballo.



O persoal de Bershka plántalle cara a Inditex

As traballadoras/es da provincia de Pontevedra consiguen rematar coa discriminación laboral na empresa téxtil tras nove días de folga e numerosas mobilizacións.

Fixeron falta nove xornadas de folga e numerosas mobilizacións para que o xigante téxtil Inditex decidise poñer fin á discriminación que padecen as traballadoras/es da cadea Bershka na provincia de Pontevedra con respecto ás súas compañeiras/os da Coruña. E é que ademais de contar con peores condicións laborais, as empregadas/os pontevedresas/es ingresan cada mes 130 euros menos que as coruñesas/es por facer exactamente o mesmo traballo.

Neste contexto o comité de empresa de Bershka de Pontevedra, integrado por cinco delegadas da CIG, promoveu a convocatoria dunha folga indefinida que comezou o pasado 26 de outubro e que foi secundada dende o primeiro día pola totalidade do cadro de persoal, formado por unhas 65 traballadoras/es. Ao mesmo tempo, desenvolveron con-



centracións diarias diante das tendas e mesmo se desprazaron en dúas ocasións até a sede principal de Inditex en Arteixo para facer escoitar as súas demandas.

Tal e como salienta a secretaria nacional da CIG-Servizos, Transi Fernández, a unidade e a determinación das afectadas/os foi imprescindíbel para conseguir que a empresa se sentase a negociar e rematase por aceptar practicamente todas as reivindicacións.

Deste xeito, o acordo que permitiu desconvocar a folga contempla a incorporación do conxunto das melloras sociais que reclamaban as empregadas/os (vacacións, permisos e excedencias, tempo de descanso, lactancia, conciliación familiar ou incapacidade permanente) e avanza na equiparación salarial até o punto de deixar a diferenza de 130 euros mensuais en unicamente 10 euros.

Auxiliares de Navantia pola recuperación de dereitos

Os traballadores/as da industria auxiliar de Navantia en Ferrol e Fene foron quen de soste durante 22 días consecutivos unha folga en demanda da recuperación dos seus salarios. O persoal enfrontouse ás manipulacións e presións das empresas, aos intentos de criminalización por parte de Navantia e ás tentativas de división, boicot e deslexitimación da convocatoria ás que se prestaron CCOO e UGT, mesmo promovendo unha votación "paripé" para poñer fin á folga.

O asinamento do acordo para o convenio de siderometalurxia da Coruña, no que as centrais españolas asumiron deixar fóra as táboas das auxiliares, e a posibilidade de que se estivese argallando unha mesa de negociación coas empresas (na que a CIG quedaría excluída) para asinar uns acordos rebaixados,

levaron a CIG a propor o inicio de mobilizacións no sector. Mais a convocatoria de folga indefinida foi unha decisión tomada maioritariamente en asemblea polos traballadores/as, demostrando a madurez do sector e a capacidade da mobilización obreira.

A loita segue nas empresas

Entenden que é o momento de esixir a recuperación dos acordos retributivos de 2001, de incorporalos a un marco legal que lle dea efectividade e de rematar coa discriminación entre quen cobra polos acordos e quen non. A súa é unha loita xusta, lexítima e necesaria, que hai que dar e que aínda non concluíu. Tras a decisión de suspender temporalmente a folga, a pelexa prosegue agora nas mesas de negociación coas empresas.



Galiza con Catalunya



Unha vaga de solidariedade co pobo catalán está a percorrer Galiza dende que o Estado español decidiu poñer en marcha a campaña de acoso político, xudicial, policial e mediático contra as lexítimas reivindicacións soberanistas da maioría social.



A Confederación Intersindical Galega, promotora das mobilizacións de apoio como integrante da plataforma Galiza con Catalunya, manifesta a súa máis enérxica repulsa ao golpe de Estado perpetrado contra o pobo catalán, as súas institucións e os seus lexítimos representantes e denuncia a vulneración, por parte do Estado español, do principio básico da separación de poderes que rexe todo sistema democrático.

Desde a CIG condenamos a persecución de ideas políticas, o encarceramento de persoas por defendelas e o estado de excepción imposto pola vía dos feitos. Recoñecemos a lexitimidade democrática das decisións e acordos adoptados polas institucións catalás, amparadas no Parlamento de Catalunya, espazo de representación soberana do seu pobo, elixido

democraticamente, así como a súa proclamación da República Catalá.

Rexeitamos a aplicación, por parte do Estado español, do artigo 155 da Constitución española, destituíndo un goberno lexítimo e democraticamente elixido e anulando de facto o Goberno de Catalunya, e polo tanto as súas institucións, que vén sendo un golpe de Estado á democracia.

Denunciamos a persecución xudicial e a represión contra a cidadanía de Catalunya que se concretou na detención dos presidentes da ANC e Òmnium Cultural, de todo o Govern da Generalitat, a citación xudicial da Mesa do Parlament e a orde de detención contra o president, Carles Puigdemont.

Opoñémonos ademais a esta profunda involución democrática que

non só cuestiona o dereito de autodeterminación dos pobos, senón tamén vulnera dereitos civís fundamentais, como a liberdade de expresión e manifestación. Todo isto impulsado polo goberno máis corrupto de Europa e o apoio cómplice, ben por acción, ben por omisión, doutras forzas políticas reféns do réxime do 78 e da súa anárquica monarquía.

Reiteramos toda a nosa solidariedade de clase co pobo catalán que unicamente quere expresarse en liberdade e exercer o seu dereito a decidir. Solidarizámonos tamén co soberanismo catalán, que vive ameazado por unha verdadeira cruzada do Estado español contra a liberdade e os dereitos democráticos e reclamamos o recoñecemento do dereito de autodeterminación de todos os pobos.



O precariado. Unha nova clase social?

Novo libro de Adrián Sotelo (sociólogo e profesor na UNAM)

Unha análise da explotación no mundo do traballo hoxe

Dispoñíbel xa
nos locais comarcais da CIG

Edita:

